

**BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE PRAZAS E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE
MÚSICA MUNICIPAL E TRADICIONAL DO CONCELLO DA BAÑA PARA O CURSO
2022-2023**

Artigo 1. Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular a convocatoria de prazas e o funcionamento da escola de música municipal e tradicional do concello da Baña para o curso 2022-2023.

Artigo 2. Definición do programa

A escola de música municipal e tradicional é un servizo que ten a función de ofertar, achegar e promover a aprendizaxe musical para toda a poboación do concello da Baña.

Está dirixido a toda a poboación e desenvolverase nos meses que van dende setembro a xuño, ámbolos dous incluídos.

Artigo 3. Persoas destinatarias. Características das persoas usuarias

Enténdense como persoas usuarias do servizo as/os responsables das rapazas e rapaces (persoau ou persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou representación legal, de acordo co Código civil e normativa complementaria), os propios menores, e as persoas maiores de idade que decidan iniciar ou continuar a aprendizaxe musical.

A alta no servizo pódese solicitar cando se inicie ou con posterioridade, se hai prazas vacantes.

A baixa no servizo é libre e pódese presentar en calquera momento por escrito nas oficinas municipais encargadas de supervisar o servizo, segundo o establecido na convocatoria.

Artigo 4. Dereitos e obrigas das persoas usuarias

Son **dereitos** dos usuarios e usuarias do programa de actividades:

- O acceso ao programa sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, incluído calqueratipo de diversidade funcional.
- A dignidade persoal, tanto por parte do persoal, como dos demais usuarios.
- Ser tratados con respecto e tolerancia baseados nos principios de igualdade e convivencia democrática.
- O sigilo profesional sobre os datos do seu historial persoal, sanitario, socioeconómico e familiar ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

- Deixar de asistir aos servizo por vontade propia.
- Ser informados, de xeito comprensible, das normas básicas de convivencia, hixiene e respecto mutuo e aos demais.

Son **obrigas** dos usuarios e usuarias do programa:

- Cumprir o regulamento e demais disposicións legais vixentes.
- Cumprir os trámites, prazos e requisitos necesarios para o uso do servizo.
- Estar ao día no pagamento dos servizos ofertados polo Concello da Baña. A existencia de débeda suporá a non admisión no servizo, a excepción dos casos concretos informados polos Servizos Sociais Municipais considerados de emerxencia social.
- Comunicar a baixa cando proceda.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde e malestar, sexa necesario a recollida do menor ou a saída do usuario das instalacións na que se oferta a actividade.
- Non poderán asistir os/as usuarios/as con febre, (38º rectal, 37,5º bucal, 37,2º axilar), diarrea, vómitos, ou enfermidades contaxiosas, (rubéola, papeiras, sarampelo, lombrigas, gastroenterite vírica, gripe, varicela, etc.) Non poderán asistir os/as usuarios/as que teñan piollos, ata que estes queden eliminados. De aparecerlle calquera síntoma das enfermidades anteriores, así como de piollos, será posto en coñecemento dos pais/nais/titor/a para que recollan o seu fillo/a, se fose o caso, ou abandonen as instalacións, no caso de usuarios/as maiores de idade.

Artigo 5. Estrutura do servizo

O servizo está dirixido á poboación xeral, a partir dos tres anos de idade.

A escola de música e música tradicional, oferta a súa actividade nos meses de setembro a maio, ámbolos dous incluídos.

As especialidades ofertadas no curso 2022-2023 pola escola de música, son as seguintes: percusión, saxofón, frauta traveseira, clarinete, trompeta, tuba, trombón, bombardino, piano, guitarra, acordeón, canto e solfexo, este último está incluído con calquera das especialidades antes mencionadas. O número mínimo de usuarios para cada actividade será de cinco, sen prexuízo de eliminar a actividade da escola se non se chega a ese número mínimo, a excepción das especialidades de piano e solfexo.

As especialidades ofertadas pola escola de música tradicional son as seguintes: gaita, percusión, pandeireta e baile galego.

As clases desenvolveranse en horario de tarde, coincidindo co calendario escolar anual. Non se impartirán clases nas vacacións escolares e quedan excluídos tamén os días do calendario laboral marcados como festivos locais, autonómicos e estatais, nos que non se prestarán os servizos.

Os horarios das distintas especialidades serán comunicados polos mestres das mesmas ós usuarios/as e ás familias, unha vez realizadas as inscricións e tendo en conta os criterios de número mínimo de usuarios.

As actividades levadas a cabo serán de índole educativa e cultural, fomentarán valores transversais como a confianza, a cooperación; así como o respecto persoal e colectivo promovendo o completo desenvolvemento da crianza.

Artigo 6. Inscripción

Establecerase un prazo de inscrición de 10 días hábiles; todas as solicitudes presentadas fóra de prazo irán a unha listaxe de agarda.

As solicitudes de menores de idade deberán ser asinadas pola nai, pai ou titor/a legal do menor e presentaranse o igual que as solicitudes dos/as outros/as usuarios/as no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No suposto de que, transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, continuasen quedando prazas sen cubrir, calquera persoa interesada que cumpra co requisito relativo á idade de participación e presente a documentación requirida nas presentes bases, poderá solicitar a participación nas escolas de música.

Neste último caso, a admisión realizarase atendendo á orde de presentación de solicitudes ata cubrir o número total de prazas ofertadas. Consideraranse admitidos/as todos/as aqueles/as que cumprindo o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria e aboem as taxas.

Documentación:

Esta solicitude deberá vir acompañada dos documentos seguintes:

- A fotocopia do documento de identidade da persoa usuaria
- A fotocopia do documento de identidade da persoa titular da conta
- O impreso cuberto da orde de domiciliación de recibos
- De ser o caso, o informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial.

Artigo 7. Prezos públicos

As cotas serán aplicadas de acordo co determinado na correspondente ordenanza fiscal do ano 2012. Os/as usuarios/as realizarán o pagamento do servizo unha vez publicada a listaxe de admitidos e nun prazo de 10 días.

Pagamento con base na **ordenanza**:

ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL		
	1 instrumento	2 instrumentos
1º usuario	20 €/mes	30€/mes
2º usuario con primeiro grao de consanguinidade*	10€/mes	15€/mes

*Os parentes de primeiro grao, inclúen os proxenitores dunha persoa e os seus fillos.

Os pagos pasaranse trimestralmente.

ESCOLA DE MÚSICA TRADICIONAL	
1º usuario	30 €/tempada por actividade

Artigo 8. Criterios de valoración, lista definitiva de admitidos e listaxe de agarda.

Condições para solicitar o servizo

- Usuarios maiores de tres anos empadroados no concello da Baña
- Usuarios maiores de tres anos non empadroados no concello
- Que a unidade familiar estea ao día no pagamento de todos os servizos ofertados polo Concello da Baña, e en xeral, non ter débedas co Concello, a excepción dos casos informados polos Servizos Sociais Municipais como Emerxencia Social.

Todas as inscricións presentadas fóra de prazo producirán a entrada do/a menor na listaxe de agarda correspondente a continuación das presentadas dentro do prazo.

Artigo 9. Persoal municipal e persoal contratado para a prestación do servizo da escola de música municipal e tradicional

O departamento de cultura, responsable do programa, encargarse da valoración e o deseño das características da prestación do servizo e serán os/as responsables da súa supervisión. Polo tanto, establecerase unha coordinación periódica entre o departamento de cultura, o persoal municipal e o persoal contratado.

O servizo inclúe as accións que se relacionan a continuación e que deberán diferenciarse e adaptarse en función do alumnado

- Incentivar no alumnado o descubrimento das súas capacidades creativas e artísticas para que poidan expresarse a través da música.
- Fomentar o coñecemento da música dende a infancia .
- Organizar actuacións públicas (concertos, audicións...)

- Adaptar a docencia musical ás distintas idades e capacidades.
- Realizar o seguimento especial a rapazada.
- Planificar e realizar actividades lúdico-educativas.
- Manter o vínculo coas familias e informarlles así como ao Concello das incidencias que se produzan.
- Controlar as asistencias ou ausencias dos usuarios e usuarias.
- Deixar recollidas as instalacións e limpo o mobiliario e os utensilios usados, así como os espazos utilizados para a realización de actividades complementarias.
- Facilitarlles aos responsables municipais toda a documentación que sexa requirida para o desenvolvemento dos servizos.
- Realizar as demais funcións que se lle atribúa desde o Concello para o seu correcto funcionamento.

Artigo 10. Finalización da prestación do servizo e supostos extraordinarios

Serán causas de baixa nos servizos:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.
- A solicitude de baixa por parte do usuario ou da persoa ou persoa responsable do menor.
- A comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados, con independenciadas infraccións administrativas e/ou penais que a devandita conducta constitúa.
- A falta de pagamento das cotas establecidas na Ordenanza reguladora do prezo público
- O Concello da Baña resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva do servizo as/os usuarios/as que se comporten de forma incorrecta ou cuxos responsables non respecten as normas de funcionamento do mesmo.